**ANEXO Á ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR LICENCIAS URBANISTICAS**

**TAXA LICENCIAS URBANÍSTICAS**

| | |
|---|---|
| a) Sobre o orzamento de execuxión material de obras dentro do casco urban | 0,60% |
| b) Sobre o valor que teñan sinalados os terreos e construccións a efectos do IBI | 0,60% |
| c) Sobre o orzamento de execución material de industrias de fabricación ou transformación de productos | 0,13% |
| d) Sobre o orzamento de execución material de obras de carácter social, cultural, benéfico e recreativo | 0,13% |
| e) Sobre o orzamento de execuxión material de obras fóra do casco urban: | |
| 1. Se o orzamento de execución é menor de 42.070,85 € | 0,30% |
| 2. Se é superior a dita cantidade | 0,60% |
| f) Información urbanística | 100,78 € |
| g) Parcelacións urbanísticas, por cada parcela resultante | 90,00 € |
| h) Cota mínima a liquidar | 50,00 € |
| i) Peche de solares, hortas, etc. Ml | 0,83 |
| j) Peches con valos, etc, en obras. Ml | 0,28 |
| k) Pozo artesano ou de barrera | 24,83 |
| l) Rampas de acceso a leiras ou inmobles de pavimento formigón, por m2 | 27,10 |
| m) Cambio de tella por m2 | 0,28 |
| m.1) Reparación e reposición material cubrición por m2 | 0,50 € |
| n) Licenzas primeira ocupación: | |
| 1. Vivendas ata 100 m2 | 82,74 |
| 2. Vivendas de 101 a 150 m2 | 119,31 |
| 3. Vivendas de 151 a 200 m2 | 248,46 |
| 4. Vivendas de 201 m2 e máis | 414,12 |
| o) Cambio titularidade de obra e actividade | 150,00 € |
| p) Autizacións previas solo rústico | 100,00 € |
| q) Calquer outro trámite administrativo á licencia de obra, comunicación previa ou declaración responsable non inculida nas anteriores | 85,00 € |
| r) Solicitude declaración ruina | 308,70 € |

## ORDENANZA FISCAL Nº 13 REGULADORA DA TAXA POR SERVICIOS DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA, GAS, ELECTRICIDADE E OUTROS ABASTECEMENTOS PÚBLICOS INCLUÍDOS OS DEREITOS DE ENGANCHE DE LIÑAS E COLOCACIÓN E UTILIZACIÓN DE CONTADORES E INSTALACIÓNS ANÁLOGAS

*ARTIGO 1º.—NATUREZA E FUNDAMENTO*

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polos artigos 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 20 a 27 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de facendas locais, este concello establece a 'Taxa por servicios de distribución de auga, gas, electricidade e outros abastecementos públicos, incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas', que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previsto no artigo 57 do citado Texto Refundido.

*ARTIGO 2º.—FEITO IMPOÑIBLE*

Constitúen o feito impoñible da taxa a prestación dos servicios de distribución de auga, gas, electricidade e outros abastecementos públicos, incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas.

*ARTIGO 3º.—SUXEITOS PASIVOS*

1. Serán suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria que ocupen ou utilicen as vivendas e locais situados nos lugares, prazas, rías ou vías públicas nas que se preste o servicio, xa sexa a título de propietario ou de usufructuario, habitacionista, arrendatario ou incluso de precario.

2. Terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte os/as propietarios/as das vivendas ou locais que poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daquelas, beneficiarios do servicio.

*ARTIGO 4°.—RESPONSABLES*

Serán responsables solidarios e subsidiarios das obrgas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas sinaladas como tales na Lei xeral tributaria.

*ARTIGO 5°.—COTA TRIBUTARIA*

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

*ARTIGO 6°.—BENEFICIOS FISCAIS*

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de Lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

*ARTIGO 7°.—DEVENGO*

a) Cando se trate de servicios non periódicos: devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se presente a solicíiude de prestación do servizo ou actividade.

b) Cando se trate de servicios periódicos: devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír no momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada cando se solicite o enganche á rede. Unha vez producido o enganche á rede, as cotas devengaranse o primeiro día de cada trimestre natural, agás cando o enganche teña lugar con posterioridade a dita data, en cuxo caso a primeira cota devengarase o primeiro día do trimestre seguinte.

*ARTIGO 8°.—LIQUIDACIÓN*

a) Cando se trate de servicios non periódicos:

   1. Cando se trate de servicios ou actividades cunha liquidación que se poida cuantificar no momento de presenta-la solicitude de prestación, liquidarase nese mesmo momento ou no momento posterior, pero sempre antes de presta-lo servizo ou de realiza- la actividade.

   2. Cando se trate de servicios ou actividades cunha liquidación que non se poida cuantificar no momento de presenta-la solicitude da prestación do servizo ou da realización da actividade, practicarase a liquidación unha vez prestado o servizo ou realizada a actividade.

   3. Se se realiza a prestación do servizo ou a actividade sen mediar solicitude, liquidarase e notificarase a taxa tan pronto se detecte esta situación, esixíndose o ingreso nos prazos previstos no Regulamento xeral de recadación, sen prexuízo de abri-lo oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

b) Cando se trate de servicios periódicos: practicarase a liquidación coa periodicidade prevista nesta ordenanza.

*ARTIGO 9°.—INGRESO*

O pagamento desta taxa realizarase:

a) Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que se poida efectuar antes de presta-lo servizo ou de levar a cabo a actividade, realizarase o ingreso antes da prestación do servizo ou realización da actividade na Tesourería Municipal ou nas entidades financeiras que se sinalen na liquidación.

b) Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que non se poida efectuar con anterioridade á prestación do servizo ou realización da actividade, farase o ingreso nos prazos e lugares que se sinalen na liquidación.

c) Cando se trate de liquidacións periódicas, nos prazos e nos lugares que se sinalen no edicto de exposición ó público.

*ARTIGO 10°.—INFRACCIÓNS E SANCIÓNS*

Nesta materia estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e normativa de desenvolvemento.

*ARTIGO 11°.—NORMAS DE XESTIÓN*

1. As persoas ou entidades interesadas na prestación dos servizos que se citan no artigo segundo desta ordenanza, deberán presentar solicitude por escrito na que se detalle o lugar para o que se solicita e demais requisitos que esixa cada concello.

2. Unha vez autorizada a prestación do servizo entenderase prorrogado mentres non se presente a declaración de baixa polo/a interesado/a, a non ser que se trate de servicios non periódicos.

3. Cando remate a necesidade do servizo, por cambio de propietario/a ou declaración de ruína do inmoble, os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de baixa no padrón da taxa e surtirá efectos no período natural seguinte ó da súa presentación, podendo, no seu caso, prorratearse polo período de liquidación das tarifas. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

## *DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA*

Cando existan os convenios de colaboración ós que fai referencia o artigo 27.2 do Texto Refundido da Lei das facendas locais, os procedementos de liquidación e recadación regulados nos artigos 8 e 9 desta ordenanza cederán ante a regulación prevista nos convenios.

## *DISPOSICIÓN FINAL*

A presente ordenanza estará vixente o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do ano 2014, estando en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

**ANEXO Á ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR DISTRIBUCIÓN DE AUGA, GAS, ETC.**
**TARIFAS**

*CONSUMO DOMÉSTICO:*

A) Mínimo ata 15 m3 / mes . . . . . . . . 0,35
B) Entre 15 e 35 m3/mes . . . . . . . . 0,51
C) Entre 35 e 100 m3/mes . . . . . . . . 0,66
D) Exceso de 100 m3 / mes . . . . . . . . 0,92

*CONSUMO NON DOMESTICO*

A) Mínimo ata 15 m3 / mes . . . . . . . . 0,51
B) De 15 a 35 m3 / mes . . . . . . . . 0,70
C) De 35 a 100 m3 / mes . . . . . . . . 0,95
D) Exceso de 100 m / mes . . . . . . . . 1,31

*DEREITOS DE ACOMETIDAS*

a) ó solicitar licenza en local ou vivenda . . . . . . . . 20,29
b) ó solicitar alta no servizo cada vez . . . . . . . . 4,40

## ORDENANZA FISCAL Nº 14 REGULADORA DA TAXA POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS EXISTENTES NO MERCADO DESTE CONCELLO

*NATUREZA E FUNDAMENTO*
*ARTIGO 1*

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do RéximeLocal, e de conformidade co disposto nos artigos do 15 ó 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello ó obxecto de fixa-la estructura, contía e demais aspectos necesarios para axiliza-la xestión e recadación da TAXA POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS EXISTENTES NO MERCADO DESTE CONCELLO.